

O vindeiro 14 de abril teremos a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia unha boa oportunidade para formarnos nas novas facianas que están a adquirir procesos que fan posíbel que nos conectemos a Internet: *routing* e *switching*, dous conceptos que designan as tecnoloxías que permiten aos dispositivos que están conectados á Rede comunicarse uns cos outros, así como con outras redes.

A xornada, que abordará estes procesos dende a óptica da multinacional Cisco, celebrarase no salón de actos do CNTG en horario de 9.30 a 13.30. Trátase, máis polo miúdo, dun seminario técnico sobre as ditas tecnoloxías en IPv4 asociadas á nova versión Cisco CCNA *routing* & *switching*. No decurso da xornada farase tamén unha introdución a *routing* con Ipv6.

O marco xeral da sesión pretende trasladar aos/ás asistentes como é a configuración multiárea de OSPF (Open shortest Path First) abordada dende o punto de visto da devandita nova versión. A sesión comezará contextualizando a OSPF para, a seguir, describir a necesidade da existencia de múltiples áreas e as posibles solucións e funcionalidades ao respecto.

O relator da xornada será Javier Novoa, doutor en Informática pola Universidade de A Coruña onde é profesor do departamento TIC na área de Telemática e imparte as materias de Redes en Enxeñería Informática e Seguridade de Sistemas da Información no Máster de Enxeñería Informática. Javier Novoa é colaborador habitual do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e formador oficial do programa Cisco Networking Academy no que imparte cursos de CCNA *routing* & *switching*, CCNA *security* e CCNP. Posúe, entre outras, as certificacións de CCNA, CCAI, CCNA Security e CCNP.

Obxectivos

Trasladar aos/ás asistentes coñecementos técnicos relacionados con *routing* en IPv4 e a configuración multiárea de OSPF.

A xornada vai dirixida preferentemente a persoal técnico das áreas de informática, electrónica e telecomunicacións. Inclúense neste perfil os/as administradores/as de sistemas, administradores/as e operadores/as de rede, os/as técnicos de operación e mantemento

no ámbito de redes e sistemas e, en xeral, calquera persoa con perfil técnico interesada na temática.

Impartición: Día 14 de abril de 9:30 a 13:30 horas

Duración: 4 horas

Temario

Introdución a routing en IPv6

Routing en IPv4

- Os protocolos de encamiñamento estado-enlace
- Enrutamento con OSPF nunha soa área
- OSPF multiárea
- €€€€€€€€ Xustificación de OSPF multiárea
- €€€€€€€€ Configuración en dispositivos CISCO
- €€€€€€€€ Exemplo de aplicación
- €€€€€€€€ Funcionalidades adicionais

Beneficio: Certificado de asistencia

Poderán anotarse na páxina web www.cemit.xunta.es . Ou no edificio de Foremdes. Telef 981 433 815.